




XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

E.E.I. AGRO-BAREDO  
36309 Baredo (Santa María - Baiona)  
Email: [eei.agro.baredo@edu.xunta.gal](mailto:eei.agro.baredo@edu.xunta.gal)  
Tel.: 886110158

## E.E.I. AGRO-BAREDO

### BAIONA



## PROGRAMACIÓN XERAL ANUALCURSO 2023-2024

**ÍNDICE**

0	DATOS XERAIS DO CENTRO.....	3
1	OBXECTIVOS DA P.X.A.....	7
2	MEDIDAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS.....	7
3	PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	10
4	ANEXOS	
	4.1 Programa de Audición e Linguaxe	
	4.2 Plan Lector	
	4.3 Proxecto de dinamización das TIC	
	4.4 Proxecto Lingüístico de Centro	
	4.5. Plan de Igualdade	

## DATOS XERAIS DO CENTRO

- ELEMENTOS MATERIAI

- **Centro:**

A Escola de Educación Infantil de "AGRO-BAREDO" atópase en Baredo, localidade situada no concello de Baiona.

O centro está constituído unicamente por unha aula creada nunha casa de planta baixa, e posúe como edificio anexo unha casa de dúas plantas que é utilizada como almacén para o material escolar, aínda a pesares de non atoparse nun bo estado de mantemento.

A aula é soleada e ventilada, tamén ten boa luz, aínda que no inverno faise necesario o uso do alumeado.

O recinto no que se atopa a escola está pechado e posúe xogos de exterior (balancíns, tobogán, casiña, etc.) financiados polo Concello de Baiona e a Comunidade de Montes de Baredo. Temos material informático, ordenadores fixos e un portátil, impresora e fotocopiadora, pantalla dixital. A escola está conectada a Internet. Todo o material está financiado pola Consellería de Educación, Comunidade de Montes de Baredo, Concello de Baiona e pola comunidade escolar. Ao principio do curso 2018-2019 foron renovado todo o mobiliario exterior.

### ELEMENTOS PERSOAIS

- **Os alumnos/as:**

Tódolos alumnos/as proceden de diferentes zonas da localidade na que nos atopamos e que está constituída por vivendas unifamiliares ocupadas polos pais/nais e avós dos nenos e nenas.

O número total de matriculados é de seis. As súas idades corresponden ós tres niveis do segundo ciclo de Educación Infantil, sendo a súa distribución a seguinte:

- 4º nivel: 2 alumnas.
- 5º nivel: 1 alumno.
- 6º nivel: 3 alumnas (1 neno, 2 nenas)
- **Profesorado:**

O profesorado está formado por:

- D<sup>a</sup> Marta Álvarez Garcés, co cargo de mestra responsable da escola.
- D.Francisco Javier Rodríguez Cisneros, mestre itinerante de inglés con centro base no CEIP Fontes Baiña en Baiona. Horario, martes de 12:10 a 13:00 horas
- D<sup>a</sup> María Jesús González Alonso, mestra itinerante de audición e linguaxe que intervén fundamentalmente con 3 alumnos con dificultades na linguaxe. Centro base no CEIP de Fontes-Baiña. Horario, luns de 13:00 a 13:50.
- D<sup>a</sup> Noelia Fernández Colmenero, orientadora itinerante con base no CEIP de Fontes Baiña. Horario: Os mércores quincenalmente (dependendo das necesidades de cada momento).

ASPECTOS PEDAGÓXICO-DIDÁCTICOS.

- **Xornada Escolar**

O horario escolar é de 9 a 14 horas durante todo o ano aplicando as circulares enviadas pola consellería.

Xornada tipo:

09:00 – 09:50	Entrada + propostas de aprendizaxe
09:50 – 10:40	Asemblea
10:40 – 11:30	Globalizado
11:30 – 12:10	Recreo
12:10 – 13:00	Globalizado
13:00 – 14:00	Globalizado

Ó longo do mes de setembro levouse a cabo un breve período de adaptación para as nenas de novo ingreso, con horarios axeitados ás súas características individuais. A incorporación destas nenas realizouse dun xeito progresivo durante os primeiros 5 días do curso, consensuado ca familia e tendo presente a Orde de 3 de maio de 2023 de calendario escolar para o presente curso.

O horario de permanencia no centro é o seguinte:

- Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres. De 08:30 a 14:10
- Martes. De 16:00 a 18:30. As dúas horas e media de permanencia no centro serán distribuídas da seguinte maneira:
  - De 16:00. A 17:00 Tempo de atención ás familias (titorías).
  - De 17:00 a 17:45. Tarefas de dirección e programación.
  - De 17:45 a 18:30. Coordinación con outras Escolas de Educación Infantil e actividades complementarias e/ou extraescolares.
- Horario de Actividades

No que ó horario de actividades se refire, este é flexible e adaptado ó momento e os intereses dos alumnos/as, tendo en conta os índices de fatigabilidade dos mesmos e polo tanto seguindo a curva de aprendizaxe de Kraepelin.

Na aula atópase unha distribución xeral das actividades para a xornada diaria, o que non impide que esta sexa alterada, sendo substituídas as actividades programadas por outras que sexan de maior interese ou consideradas máis oportunas nun determinado intre, atendendo ao criterio de flexibilidade curricular nesta etapa.

Este curso continuamos coa aplicación do proxecto para a aproximación dunha primeira lingua estranxeira no 2º ciclo de Educación Infantil. Os tempos adicados ó coñecemento do novo idioma agrúpanse nunha sesión de 50 minutos á semana, durante as cales un mestre especialista de Inglés traballa cos nenos e nenas na aula.

- **Calendario de Reunións.**

Ó tratarse dunha escola unitaria esta carece de equipos docentes e departamentos didácticos. A hora de permanencia do profesorado é destinada á preparación de clases, preparación de materiais, avaliacións, solución dos asuntos organizativos e de dirección do centro, coordinación coas outras escolas, atención ós pais/nais, etc., en función das necesidades do momento.

Có fin de acadar un funcionamento máis coordinado e eficaz do centro, haberá reunións periódicas co profesorado doutras escolas da zona, posibilitando a realización de actividades conxuntas, elaboración e intercambio de recursos didácticos, experiencias escolares, etc...

A acción titorial será levada dun xeito continuado; a relación cos pais/nais é diaria nos momentos lóxicos de convivencia (entradas e saídas dos nenos/as), polo que o contacto con eles non se reduce a determinadas horas da semana senón que en calquera momento tanto eles como o mestre estamos dispostos a trata-los posibles problemas e asuntos que poidan xurdir. Para asuntos e temas máis persoais temos reservados unha hora tódolos martes pola tarde para trata-los (de 16:00-17:00 ).

De acordo có establecido no Decreto 374/1996 de 17 de Outubro, realizarase ó longo do curso unha reunión do Consello Escolar en sesión ordinaria unha vez por trimestre, e tantas outras reunións como sexan solicitadas por calquera dos seus membros.

O Consello Escolar está formado por unha representante dos pais /nais, unha representante do concello e o profesor-responsable do centro (Marta Álvarez Garcés).

Representante dos pais/nais é Almudena Misa Álvarez, nai dunha alumna de 6º de E.I.

A representante do concello é Dñaº Nuria Leyenda Gómez, concelleira de educación do Concello de Baiona.

## **OBXECTIVOS DA PXA**

- Planificar o proceso de adaptación do alumnado, así como do profesorado que se incorpora por primeira vez ao centro.
- Fomentar a tolerancia e mellora da convivencia no centro educativo.
- Fomentar unha formación harmónica e integral, de calidade, para todo o alumnado.

- Ofrecer información / formación ás familias, relacionada coa formación dos seus fillos.
- Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.
- Establecer relacións de colaboración con distintos sectores do entorno.

## **MEDIDAS PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS**

1. Planificar o proceso de adaptación do alumnado, así coma do profesorado que se incorpora por primeira vez ao centro.
  - 1.1 Ter en conta o recollido no P.E., respecto á acollida dos novos membros da comunidade educativa.
  - 1.2 Respetar o disposto na orde de inicio de curso referente ao programa de adaptación dos alumnos/as.
  - 1.3 Programar a incorporación progresiva do alumnado, tomando coma criterio básico a data de nacemento.
  - 1.4 Coordinar ao profesorado implicado no programa de adaptación.
2. Fomentar a tolerancia e mellora da convivencia no centro educativo.
  - 1.1 Traballar a adquisición de valores positivos de convivencia entre os alumnos/as.
  - 1.2 Programar actividades nas que poidan colaborar distintos membros da comunidade educativa e do entorno, convivindo de xeito harmonioso.
  - 1.3 Acadar un centro respectuoso coa existencia de diversas ideas, valores, comportamentos sociais, sempre dentro dun espírito democrático e de respecto aos demais.



2. Fomentar unha formación harmónica e integral, de calidade, para todo o alumnado.
  - 2.1 Realizar unhas programacións axeitadas ao entorno e ao alumnos/as que asisten este curso á escola, axudando a superar desigualdades e desenvolvendo as capacidades de cada quen.
  - 2.2 Potenciar o desenvolvemento da autoestima, a afectividade e personalidade de cada neno/a, partindo da individualidade.
  - 2.3 Fomentar a socialización, o sentimento de pertenza a un grupo no que existen unhas normas de convivencia.
  - 2.4 Fomentar no alumnado o sentido de respecto a un mesmo, ós compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material e instalacións do Centro.
  - 2.5 Procurar a construción de aprendizaxes significativas. 3.8. Formar no respecto e defensa do medio ambiente.
  - 2.6 Orientar a educación cara á igualdade sen discriminacións por razón de sexo, raza, relixión...
3. Ofrecer información-formación ás familias relacionada coa educación dos seus fillos.
  - 3.1 Establecer un tempo de atención a pais/nais.
  - 3.2 Potenciar o contacto individual do profesorado e pais/ nais mediante reunións colectivas e entrevistas individuais.
  - 3.3 Potenciar a participación dos pais /nais nas actividades da escola.
4. Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.

- 4.1 Coordinar as actividades complementarias conxuntas a realizar coa EEI O Areal: act. complementarias ao longo do curso (magosto, visita concello e correos, etc.).
- 4.2 Coordinar as actividades a realizar co CEIP de Fontes-Baiña: Teatro A fundación, Entroido, xornada de portas abertas para preparar o paso de infantil a primaria.
- 4.3 Coordinarse co Departamento de Orientación do CEIP de Fontes-Baiña, ao que estamos adscritos.
5. Establecer relacións de colaboración con distintos sectores do entorno.
  - 5.1 Programar actividades de colaboración con organismos do entorno.
  - 5.2 Manter un dialogo fluído e construtivo co conxunto das familias.
  - 5.3 Recoller e difundir as propostas educativas e/o culturais do Concello.
  - 5.4 Empregar o entorno coma fonte principal de aprendizaxe.
  - 5.5 Potenciar unha escola aberta ao contorno que a rodea e integrala nel.

## PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### **Actividades complementarias:**

Para este curso, e seguindo a orde de calendario escolar, celebraranse as seguintes conmemoracións ao ser estas de carácter voluntario:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero

- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 30 de xaneiro de 2024: Día escolar de non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024. Día de Rosalía de Castro.
- 8 de Marzo de 2024: Día Internacional da Muller
- Do 6 ó 10 de Marzo de 2024: Semana da prensa. Un día á semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2024: Día mundial da Saúde
- Do 17 ao 21 de Abril de 2024: Semana do Libro
- Do 15 ó 19 de Maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de Xuño 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

### **Saídas escolares:**

De ser posible, ó longo do curso tentaremos facer algunha saída educativa fora da escola, có fin de aproveitar e desfrutar pedagoxicamente do entorno no que esta se atopa.

### **As posibles saídas a realizar serían as seguintes:**

- Vendimia na finca de al lado da escola.
- Magosto, na EEI do Areal
- Paseo po-lo meu entorno, en Novembro.
- Nadal. 22 de decembro "festival do Nadal" con pais/nais da escola.
- Abellas na escola.
- Teatro Afundación.
- Entroido. Saída por Baredo. Colaboran os veciños da parroquia.
- Contacontos. Durante o 2º trimestre.

- Xornada de convivencia no colexio de Fontes (especial importancia alumnado de 6º de E.I) Finais de maio.
- Saída de fin de curso.

\*Estas actividades poden variar ó longo do curso. Poden substituírse ou cambiar.

#### **Actividades organizadas polos pais/nais:**

- Natación. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña.
- Pintura e Debuxo. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña.
- Inglés. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña
- Xogos tradicionais. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña.
- Patinaxe. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña.
- Percusión-Batucada. Coa colaboración da ANPA de Fontes-Bahiña.

#### **Festas locais:**

Por razóns de tradición e pedagóxicas solicítanse os seguintes días:

- 26 de setembro de 2023 San Cosme e Damián. Patrón de Baiona.
- 13 de outubro de 2023.

## **4. ANEXOS**

### **4.1. Programa de Audición e linguaxe.**

### **4.2. Proxecto lector.**

### **4.3. Dinamización TIC.**

### **4.4. Proxecto Lingüístico de Centro.**

### **4.5. Plan de Autoprotección do Centro**

## **4.1 PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE EN EDUCACIÓN INFANTIL CURSO ACADÉMICO: 2023-2024**

### **ÍNDICE**

- 1. ASPECTOS QUE INFLÚEN NO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE**
- 2. CADRO EVOLUTIVO DA LINGUAXE INFANTIL**
- 3. ÁREAS RELACIONADA COA LINGUAXE**
  - **Coñecemento e dominio do esquema corporal**
  - **Discriminación auditiva**
  - **Motricidade xeral**
  - **Organización espacial e temporal**
  - **Motricidade bucofacial**
- 4. ESTRUCTURACIÓN XERAL DAS SESIÓNS**
- 5. ACTIVIDADES TIPO**
  - **Exercicios de relaxación**
  - **Exercicios de respiración e sopro**
  - **Exercicios de praxias**
  - **Exercicios de discriminación auditiva**
- 6. MATERIAL A EMPREGAR**
- 7. PAUTAS PARA NAIS E PAIS**

Este programa trata de previr a aparición de dificultades na fala e linguaxe, de xeito que se poida traballar de forma coordinada, continuada e dinámica coas titoras/es.

Cabe destacar os seguintes puntos clave para a posta en marcha do programa.

- 1. ASPECTOS QUE INFLUEN NO DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE**

Partimos de que cada neno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe e que debemos respectalo. Como mestres/as é preciso coñecer os máis significativos:

- \* A maduración do sistema nervioso do alumnado (déficit atención,...)
- \* Un aparato fonador en condicións (dentes, padal,...)
- \* Nivel suficiente de audición (audiometría,...)
- \* Grao de intelixencia.

\*Unha evolución psicoafectiva (problemas familiares, situacións especiais..)

\*Estimulación do medio (familiar, social, ...)

\*Relación interpersoal (outros nenos social,...)

## **2. CADRO EVOLUTIVO**

### **3. LINGUAXE INFANTIL**

Esquemáticamente cúmprese o seguinte:

1º ao 2º mes: Emisión de sons guturais (gorxeos).

3º ao 4º mes: Sorriso social. Choro con intención comunicativa.

5º ao 6º mes: Emisión de sons (vogais e consoantes). Idade do balbuceo.

7º ao 8º mes: Idade do laleo. escoita e xoga cos seus propios sons e trata de imitar os sons emitidos polos outros.

9º ao 10º mes: Enriquecemento da linguaxe infantil. Aparición das primeiras sílabas.

11º - 12ºmes: Primeiras palabras en forma de sílabas "dobres" (papá, mamá, tata).

12º - 18º mes: Coñece algunhas palabras. Comprende o significado dalgunhas frases habituais da súa contorna.

2 anos: Linguaxe en xerga. Acompaña a súa fala con xestos e ademáns. Comprende e responde a instrucións sinxelas. O seu vocabulario consta de 5 a 20 palabras. Frases holofrásticas (unha soa palabra).

3 anos: Usa substantivos, verbos, adxectivos e pronomes. Combinacións substantivo-adxectivo. Uso frecuente do "non".

4 anos: Linguaxe comprensible para estraños. Usa oracións. Empeza a diferenciar tempos e modos verbais. Idade preguntona. Usa artigos e pronomes. Inicia o uso de singular e plural.

5 anos: Período florecente da linguaxe. Mellora a súa construción gramatical, conxugación verbal e articulación fonemática. Usa nexos. Xoga coas palabras. Etapa do monólogo.

6 anos en diante: Importante evolución neuromotriz. Comprenden termos que entrañan comparación. Comprende contrarios. É capaz de establecer semellanzas e diferenzas, nocións espaciais, etc.

Desaparece a articulación infantil. Construción gramatical correcta. Uso social da Linguaxe. Progresiva consolidación da noción corporal, espacial e temporal. Construción de estruturas sintácticas máis complexas de forma progresiva. Mellora o uso das preposicións, conxuncións e adverbios. Evoluciona a conxugación verbal. Articula todos os fonemas en palabras ou logotomas.

É importante ter en conta :

### **Motivación**

Provocando situacións de diálogo no que teñamos presentes as seguintes recomendacións:

- Adicar un tempo diario ó rincón da linguaxe.
- Motivalos con xogos, cantigas, charlas, coloquios, rol-paying,..
- Elaborar os rincóns de traballo da linguaxe: mímica (traballaríamos a expresión corporal, xestual, respiración e sopro) ritmo (traballaríamos o ritmo, sons, repeticións de sílabas, palabras, frases e praxias) e lectura (traballaríamos con contos, cancións, coloquios, xogos, diferentes lecturas).
- Mensaxes de personaxes dos contos ós nenos: Carapuchiña vermella dí que hoxe..., o lobo dos tres porquiños dixo que. )

## **Familia**

Xa dende os primeiros meses de vida as familias deben aprobar con sorrisos e xestos os ruídos que ó neno/a lle gusta producir coa lingua e os beizos, motivar a emitir vocalizacións e imitar os sons producidos polos adultos e cousas que lle rodeen. No noso caso, debemos informar as familias o importante que é ter unha dedicación cós fillos, estimulalos, motivalos e escoitalos. Como elemento preventivo aportaráselle as familias unhas pautas de estimulación da linguaxe.

Ante calqueira dúbida ou aspecto particular, as titoras falarán co departamento para a valoración do caso e dar unhas pautas máis personalizadas.

## **Xogos**

O xogo é unha actividade que favorece o desenvolvemento da linguaxe. A linguaxe e o xogo van sempre unidos.

### **3. ÁREAS RELACIONADAS COA LINGUAXE**

#### **3.1 Coñecemento e dominio do esquema corporal:**



É importante comenzar traballando a respiración e a relaxación para que os nenos/as tomen conciencia do esquema corporal, estén centrados e relaxados.

**RESPIRACIÓN:** Poden soprar a materiais ou sen eles. Hai que ter en conta: A posición: de pe có tronco en posición vertical.

**A forma de respirar:** a mais axeitada é a costoabdominal (cas costelas inferiores e parte superior do abdome).

**A duración:** inspiración: 5 segundos; retención: 3 segundos; espiración: 8 segundos.

As repeticións (3 ou 4 veces).

### **3.2 Discriminación auditiva:**

**Discriminación de sons:** Diferenciar entre silencio e ruído. Discriminar a duración (longo-curto), intensidade (forte-suave), procedencia do son, recoñecer o ruído, agudos-graves, reprodución de estruturas rítmicas, audicións...

**Discriminación fonética:** Dándolle dúas sílabas averiguar o son vendo a boca do profesor/a, descompoñer palabras en sons, dado un fonema o nen@ dirá si se encontra o principio-medio-final da palabra, exercicios de audibilización de palabras e frases (pino-vino, mesa-pesa, pato-mato, gota-jota, chapa-tapa,...)

### **3.3 Motricidade xeral.**

Conseguir un adestramento motor fino de mans e dedos: Exercicios de adestramento de dedos (simular como araña o gato, desatar un nudo, poñerse unha luba, soldados marcando o paso cós dedos índice e pulgar), exercicios de separación dixital (movementos de tecleo, de oposición do pulgar a outros

dedos, contar cós dedos, adestramento no manexo do lapis, ensinar o meñique da man esquerda e o meñique da man dereita...)

Lograr unha progresiva habilidade e axilidade manual: Realización de xestos amplos das mans (abotoar, abrir-pechar, atar, colgar, cortar, enhebrar, tapar-destapar, dobrar-desdobrar, llenar-vaciar, etc.), conseguir unha progresiva disociación das mans (unha man abre e a outra pecha, alternar, unha golpea de plano e a outra de canto, unha marca horizonte e outra verticalais...)

Dominar o trazo : Adquisición de hábitos grafomotores de orde cualitativo (rasgado libre de papeis, pegado, rasgado dirixido, recorte con tixeiras...)

Motricidade xeral: imitación motora de posicións dadas pola mestra , imitar cós ollos pechados, marcha-carrera, coordinación de brazos e pernas, equilibrio, respostas motoras rápidas,...

### **3.4 Organización espacial e temporal**

Orientación espacial : Axudarlles a que teñan unha percepción máis Obxectiva de sí mesmos, dos obxetos e as súas propiedades. Dirixir a súa observación e conducirllas direccionalmente a análise doutras propiedades que non lle chamen tanto a atención.

Xogos de psicomotricidade (circuitos, viaxes imaxinarias, interpretación xestual e corporal de cancións).

Orientación temporal: As nocións temporais ensinaranse dende aproximidade ata a acción; comezaremos traballando secuencias próximas a súa actividade ( antes – agora – despois, día – noite, onte – hoxe – mañan, día– semana – mes – ano, escenificación de secuencias temporais...)

### 3.5 Motricidade buco-facial:

Cando falamos de motricidade bucofacial referímonos a lingua, beizos, dentes, queixada. Son as ferramentas da linguaxe e se estas non funcionan de forma axeitada a linguaxe se verá afectada. Deberán ser entrenadas. Polo tanto van a ser estimuladas as dimensións e compoñentes da linguaxe, tanto na forma (fonemas, sons, oracións e palabras), contido (palabras, vocabulario) e uso (diálogos, discursos, conversas e narracións)

## 4. ESTRUCTURACIÓN XERAL DAS SESIÓNS

As sesións serán estruturadas segundo as necesidades lingüístico educativas que presente cada grupo co que intervir. A flexibilidade e modificacións nas mesmas farase dacordo coas características grupais. Hai que ter en conta e de xeito previo os prerequisites básicos para a adquisición da linguaxe:

- Conductas previas básicas: atención, memoria, imitación e seguimento de instrucións.

### Como elementos periféricos a observar:

Bases anatómico-funcionais do sistema fonador.

Bases anatómico-funcionais do sistema auditivo.

Estos compoñentes analizados facilitarán o traballo nos seguintes aspectos:

- **Sensorio-motóricos:** relaxación (híper-hipotonía, respiración (tipo máis axeitado...), sopro (intensidade, direccionalidade...) tomando aí conciencia do esquema corporal, percepción sensorial, discriminación auditiva (sons, fonética, cualidades sonoras...), motricidade fina e grosa, control motriz (trazo), lateralidade, coordinación, organización espacio-temporal, ergonomía e control postural.

- **Emocionais-comportamentais:** autoestima, independencia persoal, hábitos, disrupcións, impulsividade segundo os rasgos de personalidade de cada neno/a.

Todo isto destacado dará lugar á estimulación dos diferentes ámbitos comunicativo-lingüísticos:

#### Ámbito fonético-fonolóxico

Discriminación e capacidade articulatoria, conxunción práxico-gnósica, oposición fonética, emisión oral (voz), intensidade, ton, ritmo/pausas, capacidade orgánica, funcional, omisión, sustitución, distorsión.

#### Ámbito morfolóxico

Emprego de marcadores de xénero, número, tempo, derivación, composición, conectores...

#### Ámbito léxico-semántico

Vocabulario, sistemas de evocación, establecemento de relacións causaefecto, significado da frase.

#### Ámbito sintáctico

Estructura da frase, lonxitude media do enunciado, concordancias.

#### Ámbito pragmático

Prosodia (entonación, ritmo, preguntas...), linguaxe corporal, elementos non verbais, intención comunicativa, interactuación, contextualización dos enunciados, saudar, preguntar, competencia conversacional.

Partirase dos aspectos da aprendizaxe tendo presentes os tipos de reforzos máis axeitados, tipo de agrupamento, intereses das nenas/os e a propia motivación, organizando o traballo en torno a diferentes actividades que

desenvolvan estes compoñentes mencionados dun xeito lúdico, activo, globalizado e participativo.

Esquemáticamente componse dos seguintes puntos:

- 1- Toma de contacto (saúdos...)
- 2- Asamblea (rutinas, linguaxe espontánea)
- 3- Actividades tipo que abranguen os prerequisites básicos para a adquisición da linguaxe (atención, seguimento de instrucións...), exercicios de respiración, relaxación, discriminación auditiva... xunto coas dos diversos eidos fonético-fonolóxico, léxico-semántico, sintáctico e pragmático.
- 4- Despedida

## **5. ACTIVIDADES TIPO**

### **EXERCICIOS DE RELAXACIÓN**

Realizárase de forma segmentaria e seguindo un orde.

- Por parellas, deixar as mans soltas, o compañeiro a levanta e debe caer relaxada, sacudir os brazos, extender con forza e despois relaxar (dedos, mans, brazos, pernas..), flexionar e relaxar (dedos dentro da man, puño, pescozo, cara)...
- Camiñar a distintos ritmos, desprazarse dando saltos, paso de carreira sen moverse do sitio, parar e correr o indicarllo, exercicios de imitación motora, imitación cós ollos pechados, imitación con ordes verbais, coordinación de pernas e mans (adiantar perna e brazo do mesmo lado, alternando, dar unha palmada por cada paso, golpear alternativamente o chan cós pes...).

### **EXERCICIOS DE RESPIRACIÓN E SOPRO**

- Espiración nasal, espiración bucal, acompañados de movementos de partes do corpo, con materiais (papeis, paxitas, tubos, pelotas, globos, velas, ...).
- Soprar unha vela intentando apagar a chama.
- Soprar unha vela intentando que baile la chama.
- Soprar unha pelota de ping-pong sobre cartón acanalado ou un camiño de plastilina.
- Soprar cunha paxiña nun recipiente con agua xabonosa e facer burbullas.
- Soprar facendo pompas de xabón.
- Poñer nunha mesa un graniño de arroz e soprarlle cunha palliña.

**NARIZ:**

- Inspirar e espirar o aire polo nariz.
- Pechar a boca e inspirar aire polo nariz.
- Soltar o aire o tempo que marcamos un ritmo: un, dous, tres,catro...
- Repetir tapando co dedo a ventá esquerda e respirando só pola dereita.

**EXERCICIOS DE PRAXIAS**

Estes exercicios poden facerse simplemente así, como veñen indicados, ou contando un conto, podería ser da seguinte maneira:

Os nenos escollen unha personaxe ó que lle pomos un nome e con el imos facer unha historia coma a seguinte:

**BOCA E LINGUA**

- A señora lingua foi ó circo e aprendeu moitos equilibrios que quere practicar.
- ¡Non creades que son doados, pero ela é moi arriscada.
- Abre a boca, a lingua sale lentamente dela, estírase todo o que poida.

- Permanece uns instantes quieta, sen temblar, e regresa á boca despacio, sen tocar os dentes.
- A lingua quere tocar o nariz ¿O conseguirá?
- Cando alcance o nariz, permanecerá uns instantes quieta, gardando o equilibrio. Despois, regresará á boca.
- Tocar a queixada coa lingua.
- A señora lingua está moi cansa e se queda a durmir pero sale unha puntinha e logo mais e mais. Logo queda durmida na súa cama o paladar.

### **DENTES**

- Os dentes son amigos da lingua, por iso a señora lingua os visita e os acaricia.
- Hoxe foi visitalos ó piso de arriba: Bos días! A lingua pasa suavemente coa súa puntinha polo borde das moas, dos dentes dianteiros, e segue coas moas doutro lado. Logo vai e volve, varias veces. (Facemos o mesmo cos dentes inferiores).

### **QUEIXADA:**

- Facemos o gorila e imitámolo.
- Poñer toda a súa masa entre os dentes e o labio de abaixo e mover a queixada.

### **BEIZOS**

- Damos bicos ó aire, sonoros, ....
- Poñer morriños de porco, peixe, coello,...
- Darlle masaxes cos dentes.
- Tensar os beizos, abrilos- pechalos,...

**VOZ:**

- Gritar- calar.
- Falar suavemente.
- Falar sen voz.
- Cantar, falar, toser, rir, esbirrar, facer diferentes voces (avó, neno, bebé,.)
- Reproducción de diferentes sons: reloxo, timbre, animais, moto, ...
- Representar as cousas que pasan pola rúa, nun campo de fútbol, nun supermercado,...
- Catro ou cinco nenos/as fan de coches e tocan as bocinas: MOC, MOC, MOC.
- Meter-sacar a lingua (rápido, lento)
- Relamber os beizos.
- Facer pedorretas.
- Lingua gorda-fraca.
- Movelar en círculo dentro e fora da boca.
- Tocarse os dentes.
- Morder despacito a punta da lingua.
- Dobrar a punta e metela para dentro.
- Facer o limpiaparabrisas coa lingua.
- Pintar o teito do padal coa lingua.
- Varrer o chan dos alveolos coa lingua- Poñer morro-sorriso.

**EXERCICIOS DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA**



7. Establecer diferenciacións entre as distintas duracións dun mesmo son vocálico.
8. Oír un son e localizar a súa procedencia espacial (esquerda, dereita, detrás)
9. Discriminar entre sons graves e agudos.
10. Emitir un son diante do neno/a e logo de costas para que o recoñeza.
11. Reproducir estruturas rítmicas con palmadas ou golpes co lapis.
12. Articular fonemas dun modo perceptible e destacando as expresións faciais para que o neno/a as imite.
13. Pronunciar sílabas directas e inversas para que se repitan.
14. Propoñerlle palabras para que as descompoña en sílabas e logo as pronuncie.
15. Pronunciar un fonema e preguntarlle onde se atopa situado ese fonema nunha palabra determinada.
16. Pronunciar dun modo claro pares de palabras que teñen certa semellanza fonética para que as pronuncie e a continuación as discrimine. Por exemplo: Casa – taza ponte – fonte

## **6. MATERIAL A EMPREGAR**

Material especificamente de traballo logopédico (pallas, practicando o sopro con diferentes materiais, papeis , algodóns e todas as variantes que se nos poidan ocorrer), pompeiros, globos, confetti, pelotas de diferentes texturas, candeas, matasogras, muíños...

## **7. PAUTAS PARA NAIS E PAIS**

Como mestra de Audición e Linguaxe gustaríame ofrecervos uns sinxelos consellos para mellorar a pronunciación das vosas fillas/os.

- Se ves que a túa nena/o, ponse nerviosa/o, non o forces, trata de chamalo, falándolle baixo e procurándolle unha respiración pausada.
- Darlle alimentos de certa dureza que impliquen mastigar e que lle axuden á formación dos órganos da boca (dentes, moas, lingua, padal...): pan normal, mazás.. evitando pan de molde e bollería.
- Procurade adicar parte do voso tempo a falar coa vosa nena/o, escoitándolle con atención e interese e tratade de dar respostas ó que vos pregunte. As criaturas precisan saber que as queremos e que nos interesamos por ela.
- Faládelles no tempo que as acompañedes nos xogos e tamén cando presten pequenas axudas nos traballiños da casa.
- Aínda que nos resulten moi graciosas as palabras mal ditas nos primeiros anos, non debemos animalos a que as repitan e nós pola nosa parte temos que mostrarlle como habería que dicila correctamente para evitar que colla malos hábitos de articulación.
- Se ves que tratan de respostar ó que se lle pregunte cunha ou dúas palabras, non llo aceptes. Procura que teña que facer frases máis longas.

### **NOS MOMENTOS DE BLOQUEO OU TENDENCIA Á TARTAMUDEZ DEBEMOS:**

Evitar dicirlle "non te poñas nerviosa/o", "fala máis a modo", fará que se tense ou sexa máis desagradable.

Non debemos axudar a terminar a frase ou palabra.

Non loalo cada vez que fale ben, xa que se sentirá avaliado e xulgado.

Evitar manifestar preocupación excesiva, podería crear falta de confianza e inseguridade na vosa filla/o.

En resumo o máis importante é falarlle empregando un ritmo pausado e tranquilo porque vai ser unha boa maneira de que vai corrixindo a súa tartamudez.

Como podedes comprobar estas actividades realizadas diariamente cun tempo suficiente, poden resolver pequenos problemas ou dúbidas cotiás.

## **4.2 PLAN ANUAL DE LECTURA**

### **OBXECTIVOS.**

#### **Obxectivos xerais:**

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse na vida.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como elemento de goce persoal.
- Fomentar o uso das TIC'S como instrumento de aprendizaxe aproveitando as posibilidades educativas que nos brindan.
- Iniciarse na robótica, programación.
- Coñecer, respectar e valorar o noso patrimonio literario, así como a biblioteca do centro, desenvolvendo unha actitude positiva cara á súa utilización.

- Descubrir valores e feitos compartidos da nosa sociedade por medio da lectura.
- Facilitar a información a todo alumnado.

**Obxectivos para o alumnado:**

- Descubrir as posibilidades que ofrece a lectura como fonte de pracer, desfrute e saber que lles axuda á organizar o seu tempo de lecer.
- Aumentar o interese da lectura dos libros ou textos a través do coñecemento das súas protagonistas.
- Apertar a imaxinación do alumnado á través das historias lidas e contadas.
- Motivar o coñecemento de determinados xéneros literarios infantís.
- Espertar no alumnado o interese por ler eles mesmos un conto narrado.
- Favorecer que o alumnado poida entrar nunha aventura na que el mesmo se converte en protagonista, a partir da identificación coas personaxes de ficción.
- Aprender a predicir e crear expectativas en torno ao que se vai a ler.
- Analizar textos escritos aprendendo a extraer a idea principal co obxectivo de favorecer a comprensión lectora.
- Enriquecer o seu vocabulario, favorecendo a expresión e comprensión (oral e escrita).
- Descubrir na lectura unha fonte de información do mundo que lles rodea.

- Desenvolver hábitos de consulta de textos como medio para ampliar coñecementos en relación cas áreas curriculares.
- Desenvolver a capacidade de atención, concentración a través das actividades relacionadas coa exactitude e velocidade lectora.
- Mellorar a competencia lectora a través de actividades relacionadas coa lectura expresiva.
- Aumentar o caudal de coñecementos e aprender a relacionalos coas lecturas das distintas áreas.
- Descubrir na lectura unha alternativa para gozar do tempo de lecer.
- Fomentar o análise e a reflexión dos textos a osando atención a aqueles que denotan calquera tipo de discriminación.
- Intercambiar e manifestar preferencias sobre os libros lidos.
  
- Reflexionar sobre os valores que nos transmiten os textos.
- Utilizar as TIC'S como instrumento de traballo para realizar actividades relacionadas coa expresión e comprensión escrita.
- Coidar e respectar os libros como patrimonio de todos e a biblioteca como espazo para aprender a través da lectura de libros en distintos formatos.
- Desenvolver no alumnado o uso autónomo e responsable da biblioteca da aula e de centro para que eles elixan o libro que mais adecúe aos seus intereses, respectando as normas de utilización.

**Obxectivos para o resto da comunidade educativa:**

- Potenciar a implicación das familias para aumentar o interese e motivación dos seus fillos pola lectura.
- Implicar aos pais, nais, avós ou familiares na lectura de contos.
- Relatar aos alumnos/as experiencias vividas polos maiores.

**Actividades tipo**

- Para a motivación dalgúns centros de interese (animais, árbores, estacións do año...) recurrirase á biblioteca de clase para buscar libros relacionados co el tema.
- Visita da páxina oficial de OQO para disfrutar das actividades propostas.
- Biblio patio.
- Busca en páxinas Web relacionadas con a Literatura Infantil, de poemas, adiviñanzas, trabalinguas,... para traballalos cos nenos. Por exemplo: "El huevo de chocolate", etc.
- Actividades a partires dun conto: Técnicas Rodari, ilustrar un conto, inventar un final para a historia, actividades plásticas, dramatización, inventar un conto.
- Traballar distintos aspectos da literatura tradicional como adiviñanzas, retahílas, cancións de corro.
- Préstamo de contos e libros da biblioteca da clase.
- Libro viaxeiro.
- Contacontos.

- Celebrar as diferentes conmemoracións: día do libro, día das Letras Galegas, día das bibliotecas, día do libro infantil e xuvenil, etc

## **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Este PAL deberá ser avaliado trimestralmente. Esta avaliación abordará aspectos como a propia posta en práctica do PAL, a consecución dos obxectivos, a implicación do profesorado e o alumnado e propostas de mellora.

Se valorará:

- O grao de consecución dos obxectivos.
- O grao de satisfacción do profesorado.
- As dificultades encontradas aportando diferentes ideas.

### **4.3 PLAN TIC**

#### **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PLAN.**

O Plan TIC é o plan marco para programar as actuacións encamiñadas a introdución das novas tecnoloxías na aula, coa finalidade de que as TICs se incorporen como un recurso máis nos procesos de ensino-aprendizaxe, para que se produza un cambio metodolóxico neste; posto que, a aplicación das TIC ao traballo da aula, convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións, pola súa importancia social e o lugar preferente na vida dos nenos/as que as fan imprescindibles nos centros educativos, de modo que o alumnado adquira os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización.

A función do profesorado é axudar ao alumnado a adquirir os recursos necesarios para saber buscar e atopar a información que precisa, para integrala no coñecemento que xa ten adquirido e convertila, en saber persoal. Para conseguilo precisamos recursos materiais e humanos.

**Os recursos materiais cos que contamos son os seguintes:**

- Pizarra dixital
- Pantalla dixital
- Ordenador
- Proxector

**2. Necesidades.**

Tralo análise DAFO, detectáronse as seguintes necesidades:

- Falta de estratexia dixital
- Falta de recursos tecnolóxicos.
- Falta de participación de empresas para participar na estratexia
- Falta de sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia

➤ **Formación do profesorado:**

- A responsable do centro ten unha formación de scartch e agueiro
- Tamén recibiu formación en Actuacións formativas dentro do Plan dixital.

**3. Obxectivos**

- Seguir coa incorporación das TICs no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Traballar co alumnado a adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para o uso das TICs.



- Fomentar o uso das TIC como compensador de desigualdades sociais e económicas.
- Favorecer o emprego das TIC nos mestres/as e o seu uso nas tarefas diarias do centro e da aula.
- Iniciar ou profundizar, según o caso, na capacitación do alumnado para a busca de información e tratamento crítico da mesma, neste medio que é Internet (ALFIN/AMI).
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Como facer un uso responsable e correcto das novas tecnoloxías, para evitar problemas no futuro e sacarlle o máximo proveito.
- Coidado básico do material que empregamos e a responsabilidade de cada un para con eles.
- Potenciar as actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades e canles de difusión do centro: web, Abalar.
- Fomentar o uso da páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

A metodoloxía irá encamiñada ao desenvolvemento da creatividade, será sempre activa e respectará os ritmos individuais de cada alumno, polo que individualizaremos o ensino na medida do posible, tendendo con elo á educación integral de cada neno. Para individualizar, resultaranos de gran axuda os rincóns de uso de TIC, porque o alumno poderá traballar aquilo que o mestre lle designe (con menos axuda canto mais avanzado sexa o curso).

Se atenderá especialmente aos alumnos con dificultades, para os que tamén se crearán programas especiais. Os materiais da clase estarán organizados de xeito cooperativo, isto levará a un maior desenvolvemento da sociabilidade e solidariedade entre os alumnos, fomentando a súa autonomía persoal.

Teremos ademáis presentes as liñas do novo Plan Dixital de centro que se pode atopar no noso centro e as indicacións e orientacións do noso asesor do equipo ADIX.

#### **4.4 PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

##### **MARCO LEGAL**

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12).

Así mesmo, no artigo 14 da citada lei establécese expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o seu uso. No parágrafo 3 do mesmo artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da comunidade autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta mesma liña tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992 (ratificada polo Goberno español en 2001), o Plan xeral de normalización da lingua galega (aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004) e a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz. Segundo a normativa vixente, o Decreto 79/2010 do 20 de maio, a Escola de Educación Infantil, presenta o seguinte:

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO, concretado nesta addenda o para o curso 2022-2023, que contemplará os seguintes apartados:

- Introducción.
- Criterios para determinar a lingua do contorno
- Obxectivos do PLC.
- Linguas que se deben empregar nas áreas, materias e ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7 e 8 do citado Decreto.
- Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo.

- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega.
- Consideracións finais.

## **1- INTRODUCCIÓN**

Como punto de partida analizaremos a situación lingüística do noso ámbito e que nos servirá como referencia para o desenvolvemento do noso Proxecto.

A escola está situada na parroquia de Baredo, zoa rural preto de Baiona.

A meirande parte das familias son galego falantes pero fálanlle ós seus fillos, en xeral, en castelán.

Podemos dicir que, partindo dun entorno galego, estase a producir unha castelanización dos nenos/as.

## **2- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA DO CONTORNO**

- Observación dos alumnos/as na aula e lugares de lecer.
- Realización ao principio de cada curso dunha enquisa aos pai/nais, alumnos/as e mestres/as.
- No curso pasado fíxose un estudo sobre o entorno sociolingüístico da nosa escola.
- Realizáronse enquisas ao sector de pais e nais de ed. infantil, aos mestres e mestras da Escola
- Nº de enquisas entregadas:
  - ❖ PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS 81,25%
  - ❖ MESTRES/AS: 100%

**CONCLUSIÓNS:**

- O 50% dos nenos aprenden a falar en castelán.
- O 50% dos nenos/as aprenden a falar nas dúas linguas.
- O 7,6% emprega en casa só o castelán.
- No 38,5% das casas hai un predominio do castelán.
- No 30,8% das casas fálase castelán e galego.
- No 7,6% das casas predomina o galego.
- No 15,4% das casas fálase só en galego.
- O 30,8% dos nenos/as emprega só o castelán.
- O 38,5% emprega predominantemente o castelán.
- O 15,4% dos nenos/as emprega o galego e o castelán por igual.
- O 7,7% dos nenos/as emprega predominantemente o galego
- O 7,7 dos nenos/as empregan só o galego. Resaltando dúas cousas:
- A meirande parte dos pais/nais dos nenos/as castelán falantes falan entre eles en galego. Empregan o galego para falar co mestre e os veciños
- Tódolos pais e nais aceptan que o seus fillos reciban as clases en nas dos idiomas. Solicitan que os libros sexan en castelán.

**3- OBXECTIVOS**

- ❖ Valorar o galego como a lingua de comunicación entre as persoas.
- ❖ Desenvolver a capacidade de utilizar diferentes formas de representación para expresar e comunicar situacións, accións, desexos e sentimentos reais ou imaxinarios.
- ❖ Desenvolver a capacidade de expresar sentimentos, desexos e ideas na nosa lingua mediante a linguaxe oral, axustándose aos diferentes

contextos e situacións de comunicación cotiás e aos diferentes interlocutores.

- ❖ Desenvolver a capacidade de comprender as intencións en mensaxes que lles comunican aos/as outros/as nenos/as e adultos, e que enriquecen as súas posibilidades comunicativas na medida en que se axustan a contextos concretos cada vez máis amplos
- ❖ Desenvolver a capacidade de coñecer as normas que rexen os intercambios lingüísticos en situacións comunicativas distintas (saúdos, quendas de palabra,...)
- ❖ Desenvolver a capacidade de utilizar as sinais paralingüísticas para completar e mellorar o significado das súas mensaxes.
- ❖ Desenvolver a capacidade de comprender, coñecer e recrear algúns textos da nosa cultura (poemas, himno, cancións...) que mostren actitudes de valoración e aprecio sobre ela.
- ❖ Desenvolver a capacidade de interesarse pola linguaxe escrita e valorala como instrumento de información, como medio de comunicación e como instrumento de lecer.
- ❖ Adquirir o vocabulario correspondente as unidades didácticas ao longo do curso.
- ❖ Comezar a familiarizarse co vocabulario básico nas linguas galega e castelá.
- ❖ Valorar os costumes e tradicións da nosa cultura e a nosa terra.
- ❖ Desenvolver o gusto pola música e as artes tradicionais galegas.

**4- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS AREAS, MATERIAS E ÁMBITOS DE COÑECEMENTO DISTINTOS DOS SINALADOS NOS ARTIGOS 7 E 8 DO CITADO DECRETO.**

- Administración do colexio.....galego
- Reunións pais/nais, tutoría.....galego
- Taboleiro de anuncios do colexio:.....galego
- Corredores e dependencias do colexio:.....galego
- Procesos ensino-aprendizaxe: neste curso a lingua materna predominante é o castelán, pero empregaranse ambas linguas para garantir a competencia lingüística en ambos idiomas oficiais de Galicia.
- Actividades rutinarias diarias: (día da semana, tempo, encargado, nome dos nenos /as. ).....en galego
- Actividades de biblioteca de aula e centro (lectura para a casa e no recuncho da biblioteca: 50% en galego e 50% en castelán).
- Actividades de linguaxe oral: (contos, poemas, trabalinguas, adiviñas, refráns...das unidades didácticas, aportados polos mestres e polos nenos/as e as súas familias) en galego e castelán
- Actividades extraescolares e complementarias: .....en galego

**5- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO ADOPTADAS PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO**

**a) FUNDAMENTACIÓN**

Serán elaboradas en función dos obxectivos referenciais que se intentarán acadar ao longo do curso e que referimos a continuación:

- Facer do galego o medio vehicular para a relación diaria entre a comunidade educativa.
- Prestar especial atención á conxuntura lingüística que presentamos con respecto ao déficit da lingua galega.
- Achegar aos alumnos/ás a cultura galega en todos os ámbitos (dende a literatura, artes plásticas, música e demais expresións artísticas)
- Procurar dos nosos alumnos/as a capacidade para facer uso do galego, tanto a nivel de relacións persoais, aspectos cotiás ...
- Facer uso común das TIC en galego, así como procurar achegar a toda a comunidade educativa as novas tecnoloxías tendo como base de referencia o uso da nosa lingua.
- Implicar a toda a comunidade educativa no Plan Anual de Lectura.
- Dinamizar o galego a través da colaboración de toda a comunidade educativa nas obras de teatro ou outras representacións, nos obradoiros, nas saídas educativas, etc.
- Actualizar e manter ao día os murais do centro.

**b) ASPECTOS VISUAIS DO CENTRO:**

- Todos os escritos, carteis , avisos... figurarán en galego.
- As circulares que se lle envíen ás familias redactaranse en galego,
- Os boletíns trimestrais de cualificacións así como calquera informe que emita o colexio para a comunidade autónoma estará en galego.
- Toda a correspondencia oficial do colexio e que teña como destino a comunidade autónoma estará en galego.
- Os selos do colexio (cuños...) estarán en galego.



**c) USOS LINGÜÍSTICOS COTIÁNS ORAIS**

- O profesorado empregará o galego no uso diario e nas súas relacións coas familias dos alumnos/as así como co persoal non docente.
- Usarase o galego en todos os actos que organice a Escola: reunións de pais, festivais...

**d) FOMENTO XERAL DO USO DO GALEGO**

- Ampliación da biblioteca da aula, mellorando a bibliografía en galego, adaptada á idade dos nenos/as e xestionada polo mestre titor.
- Participación dos nenos/as e das súas familias na elaboración de poemas, cantigas adiviñas...
- Organización por parte do colexio de festas.
- Manter unha colaboración aberta e participativa co concello.

**6- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.**

Propoñemos traballar de xeito individual ou colectivo aquelas dificultades detectadas. Para iso compre planificar e artellar todo un abano de estratexias, actividades, obxectivos, técnicas, agrupamentos, metodoloxía,... onde teñan especial cabida os grupos de traballo, obradoiros...

Desenvolver e incrementar a capacidade comunicativa tendo suficiente competencia lingüística para conseguir falar de diversos temas cotiás.

Proporcionar ao alumnado os recursos necesarios para desenvolver todas as súas capacidades e habilidades, para así acadaren os obxectivos e aumentaren as súas competencias lingüísticas.

Adaptar o material didáctico para a mellor utilización e entendemento do mesmo.

Conseguir identificar e ler os murais dentro dun ámbito apropiado que sexan de interese para o alumnado e axeitados ás súas capacidades.

Por en práctica distintos xogos lingüísticos coa finalidade de mellorar a súa competencia.

Conquerir escribir copiando palabras, textos ou composicións libres axeitadas á situación correspondente, e ao seu nivel educativo.

Recompilar adiviñas, contos, cantigas, ditos, refráns da cultura galega.

Utilización de medios audiovisuais en galego, películas de debuxos animados, etc.

Promover actividades para o coñecemento e entendemento das diferentes costumes da comunidade de Galicia (festas, gastronomía...)

Introducir aos alumnos na iniciación do coñecemento da lingua, cultura e costumes dos alumnos/as estranxeiros.

## **7- ACTIVIDADES QUE SE VAN A ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE:**

- Festa do Magosto: xogos, cancións, contos, adiviñas, cucuruchos e a celebración gastronómica. En todos eles usaremos o galego.
- Festa de samaín: coñecemento da cultura e costumes galegas. Contos de medo, cancións de medo. Exposición de cabazas monstruosas.
- Festa do Nadal: murais, panxoliñas, dramatizacións, cancións, contos, bailes, adiviñas, refráns, degustación de doces típicos do Nadal.

Redacción da carta a papá Noel e saída a Baiona para botala no buzón da oficina de correos.

### **SEGUNDO TRIMETRE:**

- Festa do Entroido: cancións, contos, bailes, adiviñas, refráns, obradoiro de disfraces, maquillaxe e de doces típicos do Entroido (os marruchos, orellas, flores.....) elaboración de receitas pódolle nome a tódolos ingredientes, desfile pola rúa...
- Festa da Arribada: cancións, contos, debuxos, adiviñas, poemas.
- Recollida de adiviñas, refráns poemas.. que teñan como motivo o inverno, os meses e o tempo de inverno, os xoguetes, a paz, o Entroido, os oficios, a rúa e todos aqueles centros de interese que se traballen nas unidades didácticas e os proxectos que xurdan ao longo do trimestre

### **TERCEIRO TRIMESTRE**

- Semana das Letras Galegas:
- Representación ou lectura de obras do autor ou autora homenaxeada.
- Coñecer diferentes artistas do folclore galego.
- Interpretación do Himno Galego.

### **9- CONSIDERACIÓNS FINAIS.**

O profesorado do centro considera que é de vital importancia a colaboración de toda a comunidade educativa para levar a bo termo a realización e consecución dos obxectivos deste PLC.

### **4.5 PLAN DE IGUALDADE**

#### **ÍNDICE**

#### **1. INTRODUCCIÓN**

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO
3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN
  - 3.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES
  - 3.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
  - 3.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO.SEXUAL
  - 3.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA
  - 3.5. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES
  - 3.6. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

## 1. **INTRODUCCIÓN**

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse

a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e é un reflexo do que ocorre na sociedade. Se somos capaces de transmitirlle ao alumnado valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e

especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal.

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero. O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de

maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo. Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes. Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos. Artigo 23. Actitudes.

Artigo 24. Formación do persoal docente.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.

Ademais da normativa legal no noso centro a través dos plans e documentos do centro, como son o Plan de Convivencia, NOF, Proxecto Educativo e

Programacións temos en conta os seguintes aspectos relacionados coa igualdade de xénero:

- Accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia.
- Accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia).
- Especial atención á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación.

### **3. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN.**

#### **3.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

- Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva
- Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Formación, a través de diferentes axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.
- Visibilizar roles non marcados na orientación educativa e profesional.



### **3.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes..., que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.
- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa.
- Investigación e orientacións en materia de convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.
- Elaboración de programas educativos enfocados ao traballo de aula das relacións persoais, afectivas e sexuais co fin de identificar as condutas prexudiciais para o desenvolvemento de relacións persoais, tóxicas e de sometemento.
- Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.

- Apoio ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación. Traballarase en coordinación con servizos sociais e con xustiza.
- Orientacións para favorecer a non-discriminación e a eliminación de estereotipos na reforma e creación de novos espazos: perspectiva de xénero na organización e no aproveitamento dos espazos.
- Fornecemento de programas e materiais sobre a socialización preventiva da violencia de xénero baseados en evidencias científicas.

### **3.3. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.**

- Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.
- Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos
- Intensificar a formación do profesorado para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

### **3.4. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.**

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do

saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...

- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

### **3.5. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.**

- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización n das tarefas.
- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.